

ÁMBITO

Localidade PONTECESURES

Comarca PONTEVEDRA

Lugar de realización LOCAL XUVENIL PONTECESURES

Data de celebración 25/04/2016

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 13

Nº de non militantes asistentes 9

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local CECILIA TARELA

Representante do Consello Nacional EVA VILAVERDE

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 1h 45min.

Metodoloxía empregada (clásica,
grupos pequenos, pizarras, etc)

CLÁSICA, COAS PERSOAS QUE REPRESENTABAN
Á ORGANIZACIÓN NUNHA MESA E O RESTO
SENTADOS E SENTADAS EN FRENTE.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Debate distendido e con bastante participación.

DEBATE

- Fálase abertamente da planificación do traballo que desde o BNG se pretende levar a cabo a nivel comarcal.
- Ponse en valor recuperar a autoestima e a confianza nas posibilidades do BNG.
- Saliéntase a necesidade de afortalar a organización e crear estrutura onde existen debilidades.
- Noméase a importancia de contar con Galiza Nova.
- Fálase ofrecer un discurso ideolóxico nacionalista que sexa claro, sinxelo e coherente, e que nas localidades se debe trasladar a través dun proxecto propio en cada Concello. Neste punto ábrese un debate onde se coincide en que a fortaleza do BNG está en traballar o boca a boca, o ámbito local, as relacións persoais e a información directa a través de boletíns ou mecanismos semellantes, para poder comunicar a mensaxe nacionalista e o traballo do BNG (incídese en que a comunicación non é boa nin nunca o foi). Maniféstase a idea de que o BNG se debe modernizar pero sempre partindo de poñer como mellor exemplo o traballo feito nos nosos Concellos. Nomeadamente o de Pontecesures, xa que nese momento xa se coñece a posibilidade case certa da presentación dunha Moción de censura. Este último tema direccionou boa parte do debate.

A nivel xeral cóincídese en que o BNG sempre estivo na primeira liña das loitas sociais, tanto na rúa coma nas institucións, pero que a xente non responde co apoio electoral polo que trascende certo desánimo e enfado xeralizado.

Finalmente, compénsase coa coincidencia de que se debe traballar e trasladar á veciñanza de Pontecesures o traballo feito no Concello e os intereses espúreos que rodean a inminente presentación da Moción de Censura.

